



## ACTA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL EN SESIÓN ORDINARIA

**Día:** Martes 17 de decembro de 2019

**Hora:** 17:30 horas

**Lugar:** Centro Cívico Cidade Vella (R/ Veeduría, 2)

**Membros do Concello:** Presidente, Secretaria e Conselleiros do Consello Escolar Municipal.

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior
2. Presentación dos novos membros
3. Asunción da competencia sobre Escolas Infantís Municipais
4. Programas en marcha de cara ao 2020:
  - a. Becas USA
  - b. Idiomas do mundo
  - c. Colaboración Escola Pablo Picasso
  - d. ACORE IX e petición de subvención ACORE X
  - e. Líneas de fomento para os CEIP e IES: artísticas, sociais, medioambientais e de igualdade
5. Solicitudes de participación en programas educativos para o curso 2019-2020
6. Elaboración Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de A Coruña
7. Quenda aberta de palabras

### ASISTENTES:

- **PRESIDENTE:** Jesús Javier Celemín Santos. Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica-
- **SECRETARIA:** Sagrario Ron López. Xefa de Servizo de Educación

### CONSELLEIROS/AS:

- **1 Representante da Administración Educativa**  
Iván Mira Fernández (Xefe do Servizo Territorial de Inspección da Coruña)-
- **10 Membros nomeados pola Corporación Municipal (7\*)**
  - Alejandra Fuentes Vieites (Directora da EIM Arela)



- Alfonso García Sanmartín ( Pte. da Confederación Española de Centros de Enseñanza (CECE Galicia)
  - M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. AAVV da Coruña e Área Metropolitana)
  - Luis Villaverde López (Catedrático de ensino secundario)
  - Isabel Piñeiro Cabalo (membro da AS-PG)
  - Héctor Pose Porto (Profesor universitario)
- **6 Representantes de nais/pais de alumnos/as, propostos polas Federaci3ns de ANPAs (5\*\*)**
    - M<sup>a</sup> José Otero Vaamonde (centros públicos) secretaria da Xunta directiva
    - Silvia Seoane Sánchez (centros públicos) vogal da Xunta directiva
    - Ana Isabel Sanclaudio Luhía (centros públicos) vogal da Xunta directiva
    - Ignacio Louro Ojea (centros privados- concertados) presidente da FAPA
    - Fernando Torrado Rivas (centros privados- concertados) vicepresidente da FAPA-
  - **10 Profesores/as de niveis educativos de ensino non universitario: 6 do sector público e 4 do sector privado(5\*\*\*)**
    - M<sup>a</sup> José Couso Pita (CCOO)
    - Marta Dominguez Tenreiro (CCOO)
    - Jaime Mañá Castro (FSIE)
    - Rocío C. López Cazorla (ANPE)
    - M<sup>a</sup> Dolores Fernández López (CIG)

## NON ASISTEN:

### MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL (4)

- Antonio Leonardo Pastor (Director CEIP Curros Enríquez e Pte. Asoc. Provincial de Directores de centros públicos da Coruña)
- Susana Aldao Linares (Directora da Escola Oficial de Idiomas da Coruña)-
- Celestino Pérez Recarey (Experto. Exdirector do CEFOR)-12-12 NON ACUDE
- Francisco Javier Rouco Ferreiro (membro de Nova Escola Galega) 12-12- NON ACUDE

### REPRESENTANTES NAIS/PAIS de alumnos/as propostos polas Federaci3ns de ANPAs (1)

- Dolores Blanco Sanguin3do (centros públicos) presidenta da Fed. ANPAs

### 10 PROFESORES/AS DE NIVEIS EDUCATIVOS de ensino non universitario: 6 do sector público e 4 do sector privado (5)

- Mercedes Queixas Zas (CIG)
- Patricia Varela Fernández (CIG)
- José Rub3n Barrán Ferreiro (CCOO)
- Roberto Iglesias Castro (FSIE)
- Azucena Rodríguez Amoroso (FeSP-UGT)



En relación cos puntos da orde do día, sinálase o seguinte:

**Punto 1.** Aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior por maioría dos asistentes, absténdose os novos membros incorporados este curso.

**Punto 2.** Presentación das novas incorporacions no Consello Escolar Municipal

**Punto 3.** Asunción da competencia sobre Escolas Infantís Municipais

Infórmase aos Conselleiros do contido do Decreto da Alcaldía de data 12/11/2019 sobre as competencias das Escolas Infantís Municipais que pasan a depender da Concellaría de Educación.

**Punto 4.** Programas en marcha de cara ao 2020

Infórmase sobre os programas en marcha de cara ao curso próximo e o seu estado na actualidade.

**Punto 5.** Solicitudes de participación en programas educativos para o curso 2019-2020

Informase sobre as solicitudes recibidas para o desenvolvemento da oferta de programas educativos de cara ao presente curso escolar.

**Punto 6. Elaboración Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de A Coruña.**

Sinálase a necesidade de elaborar e aprobar un regulamento de funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de A Coruña, en diante, CEMAC, para a posta en valor do mesmo e no que se recollan grupos de traballo que favorezan a participación e o fagan máis operativo e dinámico.

Dende o Servizo de Educación facilitaráselle un borrador aos integrantes do CEMAC a efectos de que fagan a súa valoración e aporten propostas e suxestións ao mesmo. Este borrador farase chegar mediante correo electrónico a cada un das persoas que forman parte do CEMAC para o seu estudo, quedando en xuntarse de novo, ao longo do primeiro trimestre do ano, a efectos de valorar o seu texto e, no seu caso, nomear unha comisión de traballo para canalizar todas as suxestións que consideren ter a ben facer previamente a súa aprobación.

**Punto 7. Quenda aberta de palabras**

A continuación ábrese unha queda de palabras na que se plantexan as seguintes cuestións:

- M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua, Presidenta da Fed. AAVV da Coruña e Área Metropolitana, vota en falta e resrepresentación de alumnos e considera que o funcionamento do Consello deberá ser máis dinámico.

Con respecto a representación dos alumnos se lle traslada que non temos datos de representantes escolares, o que impide a súa convocatoria. Con respecto ao segundo punto sinálase que o esforzo de elaborar un regulamento persegue, tamén, a finalidade de dinamizar o funcionamento deste Consello.

- Marta Domínguez Tenreiro (CCOO) pregunta sobre sí os programas educativos son tamén para os colexios concertados, ao que se lle responde que sí.
- Héctor Pose Porto (UDC) suxire na potenciación de programas relacionados cas artes plásticas ou visuais como ferramenta de aprendizaxe, entendendo que existe un déficit



de oferta deste tipo de programación. Tamén valora positivamente a posta en valor do CEMAC

- Alejandra Fuentes Vieites (Directora da EIM Arela), solicita máis oferta de programas educativos para as Escolas Infantís.
  - Alfonso García Sanmartín ( Pte. da Confederación Española de Centros de Enseñanza CECE Galicia) plantexa ampliar a oferta de Becas USA a través de matrículas a distancia. Tamén considera que a programación de actividades debería orientarse ao mundo científico e de novas tecnoloxías.
  - M<sup>a</sup> Dores Fernández López (CIG) e Marta Dominguez Tenreiro (CCOO), plantexan a posibilidade de establecer un cadro de reunións de cara un futuro para facilitar a asistencia. Marta sinala tamén que si e o posible deberíanse evitar os luns e martes pola tarde por ter clase nalgúns institutos.
  - Silvia Seoane Sánchez (centros públicos) dirixe unha consulta ao representante da administración educativa da consellería sobre o futuro do CEIP Manuel Murguía unha vez operativo o colexio de Novo Mesoiro e si este edificio será destinado a unha biblioteca pública.
- Iván Mira Fernández (Xefe do Servizo Territorial de Inspección da Coruña) resposta sinalando que, no caso de terse adoptado algunha decisión ao respecto, procederíase a desafectación do ben.
- Ignacio Louro Ojea, presidente da FAPA, manifesta que tendo visto na prensa que se vai a crear unha mesa de ocio alternativo, considera que deberían ter representación na mesma a 2 Federacions de colexios públicos e privados-concertados.

Sen mais asuntos que tratar e unha vez rematada a quenda de intervencións, levántase a sesión sendo as 18.30 horas no lugar e data ut supra indicados.

O presidente,

A secretaria,